Finalizado o prazo para presentar as ofertas a Mesa de Contratación na reunión do día 28 de xaneiro de 2022, procedeu á apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa e técnica presentada polas empresas que participan neste procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa e técnica a Mesa de Contratación acordou admitir ás seguintes empresas:

- CASTRO CONSULTING BUSINESS STRATEGY, S.L. (NIF: B-98640048)
- UTE ABRAMAR - EOSA

A Mesa de Contratación na reunión do día 28 de xaneiro de 2022 tamén procedeu á descriptación e descarga da documentación dos sobres “B” correspondente á documentación técnica presentada polas empresas admitidas neste procedemento aberto, acordando darlle traslado da mesma ao persoal técnico do Servizo Turismo Rías Baixas ó obxecto de que se avaliasen e ponderasen as propostas técnicas seguindo os criterios establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

As técnicas do Servizo de Turismo Rías Baixas, co conforme da Xefa do Servizo, con data 10 de febreiro de 2022, emitiron informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polas empresas licitadoras, sendo as puntuacións acadadas polas mesmas as seguintes:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	EMPRESAS LICITADORAS	
	UTE ABRAMAR - EOSA	CASTRO CONSULTING BUSINESS STRATEGY, S.L.
1. Proposta de selección de cidades. Ata un máx. de 21 ptos	21	8
Fundamentación da selección. <i>Ata 8 ptos</i>	8	4
Aspectos positivos e negativos de cada unha das cidades propostas. <i>Ata 5 ptos</i>	5	3
Xustificación da elección e localización. <i>Ata 4 ptos</i>	4	0
Proposta xustificada de datas e horarios. <i>Ata 4 ptos</i>	4	1
2. Desenvolvemento do workshop. Ata un máx. de 28 ptos.	28	14
Detalle de tarefas a desenvolver. <i>Ata 8 ptos</i>	8	4
Proposta de escenografía. <i>Ata 10 ptos</i>	10	5
Proposta de actividade gastronómica. <i>Ata 10 ptos</i>	10	5
TOTAL PUNTUACIÓN SOBRE "B"	49	22

A Mesa de Contratación en base ó informe das técnicas do Servizo de Turismo acorda:

1. Prestar conformidade ás puntuacións obtidas polas empresas licitadoras admitidas no procedemento aberto convocado para a contratación dunha



asistencia técnica para o desenvolvemento de workshops con actores do ámbito turístico para a promoción do destino Rías Baixas.

2. Que non se efectúe a apertura do sobre “C” presentado pola empresa, CASTRO CONSULTING BUSINESS STRATEGY, S.L., por non alcanzar o mínimo do 50% da puntuación máxima asinable dos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor (24,50 puntos), tal e como establece a cláusula 9.1 do Prego de cláusulas económico-administrativas que rexeen neste procedemento aberto.

8. Apertura electrónica dos sobres “C ” correspondente a documentación avaliábeis mediante criterios automáticos, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para o desenvolvemento de workshops con actores do ámbito turístico para a promoción do destino Rías Baixas (Expte. 2021061290).

O secretario da Mesa de Contratación informa aos asistentes que o anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra con data 27 de decembro de 2022 e que as puntuacións acadadas polas empresas licitadoras admitidas no procedemento aberto convocado para a contratación dunha *asistencia técnica para o desenvolvemento de workshops con actores do ámbito turístico para a promoción do destino Rías Baixas* foron as seguintes:

EMPRESAS LICITADORAS	PUNTUACIÓN SOBRE “B”
UTE ABRAMAR -EOSA	49
CASTRO CONSULTING BUSINESS STRATEGY, S.L.	22

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descrición e descarga da documentación presentada no sobre “C” correspondente aos criterios de valoración automática presentados pola empresa que concorre no procedemento e que acadou unha valoración mínima do 50% (24,50 Puntos) da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor.

Os valores ofertados foron os seguintes:

UTE ABRAMAR - EOSA

1.- Prezo ofertado (sen IVE) para a execución de 2 workshop ó ano:



CONCEPTO	UNIDADES	PRECIO UNITARIO (SIN IVA)	Precio unitario (sin IVA)	TOTAL
Gestión y coordinación	2	9248,78	8322,084	16.644,17 €
Sinalizadores de empresa reutilizable	50	156	140,4	7.020,00 €
Rotulación accesos a sede	4	200	180	720,00 €
Photocall	2	512	460,8	921,80 €
Letras en volumen	2	668	601,2	1.202,40 €
Acreditaciones personalizables+handyards	300	3,1	2,79	837,00 €
Lista de empresas/ficha de participacion en sorteo/Uma/Tarjetas de premio	2	55,85	50,085	100,17 €
Modulo de tarima 2x1 con patas regulables en altura (20,40 60 100 Cm)	24	30	27	648,00 €
Tarima de escenario modular m2	24	24	21,6	518,40 €
Moqueta ferial m2	20	6	5,4	108,00 €
TV plasma 65"	4	296	266,4	1.065,60 €
Mesa control digital 64 CH entrada y 64 CH salida, 24 buses	2	470	423	846,00 €
Caja digital 32/24	2	220	198	396,00 €
Caja auto amplificada 1000W mínimo 12"	2	50	45	90,00 €
Caja de son dispersión lineal 22,5- 60 grados 1200W	2	50	45	90,00 €
Amplificador digital 4 X 1800W 4OHM AES	2	75	67,5	135,00 €
Micrófono inalámbrico digital	4	45	40,5	162,00 €
Micrófono de cable necesarios para amplificación instrumental	10	25	22,5	225,00 €
Distribuidor de prensa 24ch con ganancias independientes	2	50	45	90,00 €
Ordenador portátil mínimo 17 pulgadas	2	100	90	180,00 €
Servicio de restauración	300	50	45	13.500,00 €
Actuación musical o similar	2	2450	2205	4.410,00 €
Presentador o presentadora	2	2450	2205	4.410,00 €
Alquiler de sala	2	1113	1001,7	2.003,40 €
Costes de la gestión de los asistentes del destino Rías Baixas	50	696	626,4	31.320,00 €
PRECIO OFERTADO PARA 2 WORKSHOP AL AÑO (sin IVA)				87.642,74 €
IVA (21%)				15.569,97 €
IVA (10%)				1.350,00 €
PRECIO OFERTADO PARA 2 WORKSHOP AL AÑO (con IVA)				104.562,71 €



2.- Experiencia do xefe/a de proxecto en workshops ofertada superior á mínima esixida nos pregos.

Número de traballos (workshops independentemente da temática – excepto de promoción turística-) para Administracións Públicas ou Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de elas que a persoa proposta para a xefatura do proxecto acredite ter dirixido, a maiores dos mínimos esixidos nos pregos (5 traballos nos últimos 5 anos).	42
--	----

Número de traballos (workshops de promoción turística) para Administracións Públicas ou Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculadas ou dependentes delas que a persoa proposta para a xefatura do proxecto acredite ter dirixido, a maiores dos mínimos esixidos nos pregos (5 traballos nos últimos 5 anos).	116
---	-----

3. Experiencia do/a xestor/a do proxecto superior á mínima establecida nos pregos ofertada.

Número de traballos (workshops independentemente da temática – excepto de promoción turística-) para Administracións Públicas ou Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculadas ou dependentes delas en cuxa organización acredite ter participado a persoa proposta para a xestión do proxecto, a maiores dos mínimos esixidos nos pregos (3 traballos nos últimos 5 anos).	21
---	----

Número de traballos (workshops de promoción turística) para Administracións Públicas ou Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculadas ou dependentes delas en cuxa organización acredite ter participado a persoa proposta para a xestión do proxecto, a maiores dos mínimos esixidos nos pregos (3 traballos nos últimos 5 anos).	108
--	-----

A Mesa de Contratación acorda facultar ao secretario para que, de resultar esta oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

9. **Aprobación das valoracións técnicas dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo do servizo de xestión do Castelo de Sobroso. (Expte. 2021036804).**



O Sr. Secretario da Mesa de Contratación informa que a Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 24 de xaneiro do 2022, aprobou o expediente de contratación para adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de xestión do Castelo de Sobroso.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 24 de xaneiro do 2022, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas.

A Mesa de Contratación, despois da calificación da documentación administrativa presentada nos sobres A, declarou admitidas ás empresas Espiral Xestión Cultural, S.L. (CIF: B-94.054.954) e Galipat Servizos Culturais, S.L.(CIF: B-70.381.074) , e non admitidas, ninguna.

A Mesa de Contratación, na sesión do día 10 de febreiro do 2022, procedeu á apertura dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios que dependen dun xuízo de valor, e acordou remitir dita documentación ao persoal técnico do servizo de Turismo Rías Baixas para a súa valoración.

O servizo de Turismo Rías Baixas, con data 15 de febreiro do 2022, emitiu o referido informe de valoración (CSV: B5U3VXQZJ5WNU32Q), co seguinte resultado:

CRITERIOS	ESPIRAL XESTIÓN CULTURAL, S.L. (CIF: B94054954)	GALIPAT SERVICIOS CULTURAI, S.L. (CIF: B70381074)
SOBRE B		
1.Servizo de acompañamento á visita polo Castelo, ata un máximo de 25 puntos. A distribución da puntuación realizarase conforme aos seguintes subcriterios:	25	11,5
a) Valorarase o grado de detalle e concreción na descrición do procedemento de realización da visita, así como presentar explicacións ao inicio, e introducións a cada unha das salas, e a despedida ao final da última sala, buscando o equilibrio entre, por unha banda, aprender e coñecer e, por outra banda, entreter e vivir unha experiencia satisfactoria, ata un máximo de 7 puntos.	7	4
b) Valorarase que o acompañamento á visita sexa ameno, dinámico, atractivo e orixinal, que esperten interese ao visitante, que se expoña a temporización, e que sexa realista e acorde ao proxecto de musealización, ata un máximo de 6 puntos.	6	3
c) No caso de visitas continuadas, valorarase que o proceso de xestión formulado non se observe que entorpeza ou cause molestias entre as visitas, ata un máximo de 5 puntos.	5	2,5
d) Valorarase a fórmula proposta polos licitadores en relación ás visitas individualizadas incluíndo varias opcións no que se prevexan distintos escenarios especialmente cando se traten de visitas continuadas e se indiquen solucións e optativas ao respecto de forma que non se produzan aglomeracións, ata un máximo de 7 puntos.	7	2
2.Estrutura organizativa e formación, ata un máximo de 8 puntos.	8	6
3. Plan de Calidade, ata un máximo de 7 puntos.	7	4
4.Calendario, ata un máximo de 5 puntos.	5	4,5
TOTAL PUNTUACION B (Ata un máx. de 45 puntos)	45	26



A Mesa de Contratación acorda, prestar conformidade ao informe de valoración do servizo de Turismo Rías Baixas (CSV: B5U3VXQZJ5WNU32Q), e, en base ao mesmo, outorgar ás empresas admitidas no procedemento aberto seguido para a contratación do servizo de xestión do Castelo de Sobroso, as puntuacións acadadas no referido informe, co seguinte resultado:

Empresa	Puntuación sobre B
Espiral Xestión Cultural, S.L. (CIF: B-94.054.954)	45
Galipat Servizos Culturais, S.L.(CIF: B-70.381.074)	26

10. Apertura electrónica dos sobres "C " correspondente a documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo do servizo de xestión do Castelo de Sobroso. (Expte. 2021036804).

O Sr. Secretario da Mesa de Contratación informa das puntuacións acadadas no sobre B, correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, polas empresas que resultaron admitidas, respecto ao procedemento convocado para a contratación do servizo de xestión do Castelo de Sobroso:

Empresa	Puntuación sobre B
Espiral Xestión Cultural, S.L. (CIF: B-94.054.954)	45
Galipat Servizos Culturais, S.L.(CIF: B-70.381.074)	26

Así mesmo, informa que a presentación de ofertas realizouse na plataforma de licitación electrónica Vortal, que xera, en cada procedemento de licitación, un certificado dixital, que se emprega para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Sr. Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descrición e descarga dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, presentados polas empresas admitidas que acadaron o 50% da puntuación máxima asinable na documentación avaliable mediante xuízos de valor (22,50 puntos).

O valores ofertados foron os seguintes:

Espiral Xestión Cultural, S.L. (CIF: B-94.054.954):



1. Prezo ofertado:
 - Prezo ofertado sen IVE: 109.800,00 €
 - IVE (21%): 23.058,00 €
 - Prezo total ofertado: 132.858,00 €
2. Número de guías turísticas ofertadas das que se achega acreditación de formación específica: 6 con posesión demostrable de grado ou diploma universitario en Turismo.
3. Idiomas ofertados a maiores dos esixidos nos pregos (galego, castelán e inglés) dos que se achega acreditación de coñecemento por unha ou varias das guías turísticas: 4 (francés, portugués, italiano, alemán).

Galipat Servizos Culturais, S.L.(CIF: B-70.381.074)

1. Prezo ofertado:
 - Prezo ofertado sen IVE: 119.300,00 €
 - IVE (21%): 25.053,00 €
 - Prezo total ofertado: 144.353,00 €
2. Número de guías turísticas ofertadas das que se achega acreditación de formación específica: 4 con posesión demostrable de grado ou diploma universitario en Turismo e 1 con posesión demostrable de Máster universitario relacionado co Turismo.
3. Idiomas ofertados a maiores dos esixidos nos pregos (galego, castelán e inglés) dos que se achega acreditación de coñecemento por unha ou varias das guías turísticas: 3 (francés, portugués, catalán).

A Mesa de Contratación acorda facultar ao secretario para que, de resultar estas ofertas incursas en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

11. Aprobación das valoracións do sobre "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento restrinxido convocado para a contratación do servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do destino Rías Baixas.(Expte.-2021038283).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de



Goberno na sesión do día 8 de outubro de 2021, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento restrinxido, do servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do Destino Rías Baixas. O anuncio de licitación deste contrato enviouse para publicar no

Suplemento ó Diario Oficial da Unión Europea con data 14 de outubro de 2021, aparecendo publicado o día 19 de outubro de 2021 (Anuncio 2021/S 203-530526). Así

mesmo publicouse anuncio no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 18 de outubro de 2021, e tamén

os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento restrinxido.

A Mesa de Contratación na reunión do día 18 de novembro de 2021 procedeu á apertura das solicitudes de participación, sendo as empresas admitidas as seguintes:

- ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS SLU (NIF: B-27786045)
- ANÓNIMO ADVERTISING, S.L.. (NIF: B-36721900)

A Mesa de Contratación na reunión do día 2 de decembro de 2021 procedeu a cualificar a documentación acreditativa da personalidade e solvencia das citadas empresas e, a vista da mesma e de conformidade co establecido nas cláusulas do prego económico administrativo, acordou propoñer o órgano de contratación a exclusión deste procedemento da empresa ANÓNIMO ADVERTISING, S.L. (NIF: B-36721900) e que se convide á empresa ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS SLU (NIF: B-27786045) a presentar a proposición, no prazo de 25 días contados desde a data do envío da invitación, a través da Plataforma de Licitación Electrónica VORTAL, e nos termos establecidos no prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas.

A Xunta de Goberno na sesión do día 23 de decembro de 2021 acordou invitar á empresa Esmerarte Industrias Creativas SLU (NIF: B-27786045), a presentar proposición para optar a adxudicación do contrato correspondente ao servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do Destino Rías Baixas. Esta invitación realizouse a través da plataforma de licitación electrónica da Deputación de Pontevedra en data 27 de decembro de 2021, presentando a empresa, Esmerarte Industrias Creativas SLU a proposición dentro do prazo establecido.



A Mesa de Contratación, na reunión do día 28 de xaneiro de 2022, procedeu á apertura do sobre “B”, documentación técnica, aportada pola citada empresa, remitindo dita documentación ao Servizo de Turismo Rías Baixas, para que avaliasen e ponderasen a proposta ofertada seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento restrinxido.

A Xefa do Servizo Turismo Rías Baixas, Ruth González Reyes, en data 10 de febreiro de 2022 emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada pola empresa Esmerarte Industrias Creativas SLU (NIF: B-27786045), co seguinte resultado:

Criterios de valoración mediante xuízo de valor	Esmerarte Industrias Creativas SLU
Desenvolvemento da creatividade dun vídeo, ata un máximo de 15 puntos.	10
Desenvolvemento do acto de presentación en FITUR, ata un máximo de 15 puntos.	7
PUNTUACIÓN SOBRE “B”	17

A Mesa de Contratación en base ó informe da Xefa do servizo de Turismo Rías Baixas de data 10 de febreiro de 2022 acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas pola empresa admitida neste procedemento, Esmerarte Industrias Creativas SLU (NIF: B-27786045) e que foi invitada polo órgano de contratación para presentar oferta e poder optar a adxudicación do contrato correspondente ao servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do Destino Rías Baixas.

12. Apertura electrónica dos sobres “C” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento restrinxido convocado para a contratación do servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do destino Rías Baixas. (Expte.- 2021038283).

O secretario informa aos asistentes da puntuación acadada no sobre “B” pola empresa admitida ao procedemento restrinxido convocado para a contratación do servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do destino Rías Baixas, sendo esta a seguinte:

Criterios de valoración mediante xuízo de valor	Esmerarte Industrias Creativas SLU
Desenvolvemento da creatividade dun vídeo, ata un máximo de 15 puntos.	10



Desenvolvemento do acto de presentación en FITUR, ata un máximo de 15 puntos.	7
PUNTUACIÓN SOBRE "B"	17

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descriptación e descarga da documentación presentada no sobre "C" pola empresa Esmerarte Industrias Creativas SLU ao acadar dita empresa unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (15,00 puntos) en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor.

O valores ofertados no sobre "C" foron os seguintes:

Concepto	Prezo unitario OFERTA (sen IVE)	IVE (21%)	Prezo unitario OFERTA (con IVE)	OFERTA TOTAL (sen IVE)
CREATIVIDADE E DESEÑO DA CAMPAÑA				
CREATIVIDADE, DESEÑO E PRODUCCIÓN DE EXPERIENCIAS	4.000,00 €	840,00 €	4.840,00 €	4.000,00 €
Microvídeo-reportaxe de experiencias con figurantes	1.300,00 €	273,00 €	1.573,00 €	7.800,00 €
Microvídeo-reportaxe de experiencias sen figurantes	1.000,00 €	210,00 €	1.210,00 €	6.000,00 €
Reportaxes fotográficas de experiencias con figurantes	1.000,00 €	210,00 €	1.210,00 €	6.000,00 €
Reportaxes fotográficas de experiencias sen figurantes	500,00 €	105,00 €	605,00 €	3.000,00 €
Outras pezas e soportes de publicidade e promoción para medios on line ou off line de experiencias (gráfica ou dixital)	200,00 €	42,00 €	242,00 €	2.400,00 €
CREATIVIDADE, DESEÑO E PRODUCCIÓN DE VÍDEOS E MICROVÍDEOS-REPOSTAXE DA CAMPAÑA				
Vídeo e microvídeo-reportaxe da campaña	15.600,00 €	3.276,00 €	18.876,00 €	15.600,00 €
Vídeo temático da campaña	13.300,00 €	2.793,00 €	16.093,00 €	13.300,00 €



Microvídeos-reportaxe temáticos da campaña	1.000,00 €	210,00 €	1.210,00 €	2.000,00 €
CREATIVIDADE, DESEÑO E PRODUCCIÓN DE ELEMENTOS PROMOCIONAIS E ADAPTACIÓNS				
Elementos promocionais gráficos (cada elemento a un tamaño)	170,00 €	35,70 €	205,70 €	3.400,00 €
Elementos promocionais dixitais (cada elemento a un tamaño)	200,00 €	42,00 €	242,00 €	3.400,00 €
Cuña de Radio	670,00 €	140,70 €	810,70 €	670,00 €
Merchandising para o lanzamento da campaña	28,00 €	5,88 €	33,88 €	11.200,00 €
Merchandising para o resto do ano (so creatividade e deseño)	1.100,00 €	231,00 €	1.331,00 €	1.100,00 €
Adaptación gráfica de elementos promocionais	75,00 €	15,75 €	90,75 €	3.750,00 €
Adaptación dixital de elementos promocionais	104,00 €	21,84 €	125,84 €	3.120,00 €
CREATIVIDADE, DESEÑO, PRODUCCIÓN E EXECUCIÓN DO ACTO DE PRESENTACIÓN EN FITUR				
Creatividade e deseño do acto de presentación en FITUR	3.300,00 €	693,00 €	3.993,00 €	3.300,00 €
Produción e xestión dos traballos de presentación (guión, escaleta, persoa quen presenta e outras persoas a intervir,...)	9.000,00 €	1.890,00 €	10.890,00 €	9.000,00 €
Produción de elementos promocionais	2.200,00 €	462,00 €	2.662,00 €	2.200,00 €
Reprodución do acto de presentación en streaming TV	3.300,00 €	693,00 €	3.993,00 €	3.300,00 €
Reprodución, coordinación e dirección de produción do acto	9.000,00 €	1.890,00 €	10.890,00 €	9.000,00 €
OFERTA TOTAL (sen IVE)				113.540,00 €
IVE(21%)				23.843,40 €
OFERTA TOTAL (IVE engadido)				137.383,40 €

Experiencia do equipo mínimo superior á establecida nos pregos:

	Traballos	Nº de traballos
	De creatividade de campañas de destinos turísticos	12



Persoa directiva creativa	De actos de presentación de campañas de destinos turísticos	11
Persoa produtora	Producción de vídeos promocionais turísticos para campañas de destinos turísticos	6
	Producción de vídeos promocionais turísticos para actos de presentación de campañas de destinos turísticos	10
Persoa coordinadora	Coordinación, xestión e execución de actos de presentación de campañas de destinos turísticos	23
Persoa deseñadora gráfica	De creatividade de campañas de destinos turísticos	11
	De actos de presentación de campañas de destinos turísticos	3

Número de tamaños nos elementos promocionais gráficos.

Elementos promocionais gráficos	Nº tamaños ofertados
Cada elemento a un tamaño	
Cada elemento a dous tamaños	X
Cada elemento a tres tamaños	
Cada elemento a catro tamaños	
Cada elemento a cinco tamaños	

Número de tamaños nos elementos promocionais dixitais.

Elementos promocionais dixitais	Nº tamaños ofertados
Cada elemento a un tamaño	
Cada elemento a dous tamaños	X
Cada elemento a tres tamaños	
Cada elemento a catro tamaños	
Cada elemento a cinco tamaños	

Número de unidades de merchandising para o acto de FITUR.

Unidades de merchandising para FITUR	Nº unidades ofertadas
Ata 400 unidades	X
Entre 401 unidades e 425 unidades	
Entre 426 unidades e 450 unidades	
Entre 451 unidades e 475 unidades	

Número de unidades de adaptacións gráfica de elementos promocionais:

Adaptacións gráficas de elementos promocionais	Nº unidades ofertadas
Ata 50	
Entre 51 e 55	X
Entre 56 e 60	
Entre 61 e 65	



Número de unidades de adaptacións de elementos de promoción e comunicación dixitais:

Adatacións de elementos de promoción e comunicación dixitais	Nº unidades ofertadas
Ata 30	
Entre 31 e 35	X
Entre 36 e 40	
Entre 41 e 45	

A Mesa de Contratación acorda facultar ao secretario para que, de resultar esta oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e cincuenta e cinco minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

